

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 794** *Real decreto 24/2021, do 19 de xaneiro, polo que se modifican o Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, e o Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.*

Co obxectivo de dar cumprimento ao número 4 do anexo II e ao número 9 do anexo III do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión, o Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, establece no seu artigo 6 a obrigatoriedade de que os primeiros compradores de leite cru de vaca, ovella e cabra presenten nos primeiros vinte días do mes a declaración das cantidades de leite cru subministrado polos produtores no mes anterior. A esta información súmase a correspondente ao importe aboado ao produtor.

Recentemente, publicouse o Regulamento de execución (UE) 2019/1746 da Comisión, do 1 de outubro de 2019, que modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1185, que establece novas obrigacións de notificación de información á Comisión por parte dos Estados membros, que constitúe a base legal deste real decreto.

Entre estas novas obrigacións encóntrase a de comunicar as entregas de leite cru ecolóxico, así como o seu prezo e o contido en materia graxa e proteína das entregas de leite cru. O Regulamento de execución (UE) 2019/1746 da Comisión, do 1 de outubro de 2019, especifica que os datos deben ser facilitados tamén, igual que no caso do leite cru, polos primeiros compradores. Por isto, procede modificar o Real decreto 319/2015, do 24 de abril, para incluír esta nova obrigación para os primeiros compradores, que terá efecto a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Ben que esta nova exigencia é unicamente de aplicación ao leite de vaca, considérase de interese facela extensiva tamén ás especies ovina e cabrúa, co obxectivo de dispor dunha información de grande utilidade, en particular, para realizar unha adecuada análise e seguimento do mercado do leite de ovella e cabra.

Adicionalmente, en prol dunha maior transparencia, considérase de utilidade coñecer, ademais dos datos relativos á produción e ao prezo do leite ecolóxico, os correspondentes ás producións de calidade diferenciada, tales como as denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas.

Non obstante, ao carecer estas dúas últimas comunicacións de mandato comunitario, non se require de tanta celeridade para a súa posta en marcha, polo que se establece un período transitorio para a adaptación a estas novas comunicacións.

Por outra parte, na actualidade o sistema unificado de información no sector lácteo (Infolac) encóntrase adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través do Fondo Español de Garantía Agraria, O. A., segundo se establece no artigo 3 do Real decreto 319/2015, do 24 de abril. Esta asignación tivo un carácter temporal, en canto non se lle atribuíra esta función á Axencia de Información e Control Alimentarios, O. A. (AICA), tal como se establece na disposición transitoria única do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria. Procede, por tanto, derrogar a citada disposición transitoria única neste momento.

Paralelamente, debe darse cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, aliñando as responsabilidades relativas ao sistema de información do sector lácteo coas dos sectores do aceite de oliva e do viño, mediante o cambio na adscrición de Infolac á Axencia de Información e Control Alimentarios, O.A. (AICA). Para isto deben realizarse algunhas modificacións no Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que terán que efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.

Como consecuencia do anterior, debe liberarse o FEGA, O.A., da obrigación establecida no número 8 do artigo 6 do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, de comunicar á Comisión Europea os datos de entregas mensuais de leite de vaca. Esta obrigación debe recaer a partir de agora na Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que é a unidade que ten atribuída, mediante o Real decreto 430/2020, do 3 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e polo que se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, a competencia en materia de seguimento e análise dos mercados agrarios.

Por outro lado, prorrógase a eficacia (por igual período –até o 22 de xaneiro de 2023–) da indicación obrigatoria da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos elaborados en España que se comercializan no territorio español instaurada polo Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e os produtos lácteos, mentres as institucións comunitarias estudan a posibilidade de estender tal obrigación a toda a Unión Europea.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Tamén se someteu ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, ao evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra.*

O Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda modificado como segue:

a) O número 2 queda redactado como segue:

«2. O sistema unificado de información no sector lácteo quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que, a través da Axencia de Información e Control Alimentarios, O.A. (AICA), será o responsable do seu funcionamento coordinado, e será xestionado de forma descentralizada polas comunidades autónomas na forma prevista no presente real decreto, salvo o disposto na letra d) do número anterior, que será xestionado de forma centralizada pola AICA.»

b) Engádesse un novo punto, numerado como 6, co seguinte contido:

«6. A información de Infolac será accesible para todos os órganos e organismos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como para os órganos e organismos competentes das comunidades autónomas, así como para os declarantes, neste caso para a información subministrada por eles, e sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

En todo caso, o tratamento da información terá estritamente en conta os criterios legais pertinentes sobre intercambio de información, conforme o artigo 101 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e deberá, en todo caso, respectar o establecido na normativa europea e nacional en materia de competencia.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación garante a confidencialidade dos datos subministrados polos declarantes e a súa cesión a terceiros queda expresamente prohibida. Só poderán ser obxecto de publicación os datos agregados resultantes da análise e tratamento destes. No suposto de coñecemento do mínimo indicio da existencia de posibles infraccións á normativa de competencia, porase en coñecemento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

Dous. O número 8 do artigo 6 queda modificado como segue:

«8. A Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios comunicará á Comisión Europea os seguintes datos, antes do día 25 do mes seguinte a que estean referidas:

- a) Entregas mensuais de leite cru de vaca.
- b) Contido medio en materia graxa e proteína das ditas entregas.
- c) Entregas mensuais de leite cru ecolóxico de vaca.
- d) Prezo medio de leite cru de vaca.
- e) Prezo medio de leite cru ecolóxico de vaca.»

Tres. O anexo II queda modificado como segue:

«ANEXO II

**Declaración mensual de primeiros compradores de leite de vaca**

ANO:	MES:
------	------

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>1</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

Media materia graxa <sup>2</sup> (% con dous decimais)		Media proteína <sup>3</sup> (% con dous decimais)	
---	--	--	--

Importe total aboado <sup>4</sup> (€ con dous decimais)	Importe total aboado por leite cru ecolóxico (€ con dous decimais)	Importe total aboado por leite cru baixo denominación de orixe protexida (€ con dous decimais)	Importe total aboado por leite cru baixo indicación xeográfica protexida (€ con dous decimais)

Identificador contrato <sup>5</sup>	Nº		
Volume total entregado de leite cru (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación de orixe protexida (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (litros)

Identificador contrato <sup>6</sup>	Nº		
Volume total entregado de leite cru (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación orixe protexida (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (litros)
			»

<sup>1</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>2</sup> Porcentaxe (%) de materia graxa: é a cantidade de materia graxa que forma parte da composición do leite, expresada en tanto por cento en peso, con dous decimais indicándose a media de materia graxa ponderada correspondente ao mes de que se trate, segundo a información contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>3</sup> Porcentaxe (%) proteína: expresa o contido de proteína do leite. Indicarase a media de proteína correspondente ao mes de que se trate, segundo a información contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>4</sup> Importe aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

<sup>5</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

<sup>6</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

Catro. O anexo III queda modificado como segue:

«ANEXO III

**Declaración mensual de primeiros compradores de leite de ovella**

ANO	MES
-----	-----

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>7</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

Importe total aboado <sup>8</sup> (1) (€ con dous decimais)	Importe medio <sup>9</sup> (€/l) (1/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo <sup>10</sup> (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao <sup>11</sup> (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru ecolóxico (2) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru ecolóxico (€/l) (2/B) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru ecolóxico (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru ecolóxico (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru baixo denominación de orixe protexida (3) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru baixo denominación de orixe protexida (€/l) (3/C) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru baixo denominación de orixe protexida (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru baixo denominación de orixe protexida (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru baixo indicación xeográfica protexida (4) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru baixo indicación xeográfica protexida (€/l) (4/D) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru baixo indicación xeográfica protexida (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru baixo indicación xeográfica protexida (% con dous decimais)

<sup>7</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>8</sup> Importe aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

<sup>9</sup> O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

<sup>10</sup> Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectograo: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

<sup>11</sup> Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína, de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectograos, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

Identificador contrato 1 <sup>12</sup>			
Volume total entregado de leite cru (A) (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (B) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación de orixe protexida (C) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (D) (litros)

Identificador contrato 2 <sup>13</sup>			
Volume total entregado de leite cru (A) (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (B) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación de orixe protexida (C) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (D) (litros)

<sup>12</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

<sup>13</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.»

Cinco. O anexo IV queda modificado como segue:

«ANEXO IV

**Declaración mensual de primeiros compradores de leite de cabra**

ANO	MES
-----	-----

DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>14</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

Importe total aboado <sup>15</sup> (1) (€ con dous decimais)	Importe medio <sup>16</sup> (€/l) (1/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo <sup>17</sup> (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao <sup>18</sup> (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru ecolóxico (2) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru ecolóxico (€/l) (2/B) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru ecolóxico (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru ecolóxico (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru baixo denominación de orixe protexida (3) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru baixo denominación de orixe protexida (€/l) (3/C) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru baixo denominación de orixe protexida (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru baixo denominación de orixe protexida (% con dous decimais)

Importe aboado por leite cru baixo indicación xeográfica protexida (4) (€ con dous decimais)	Importe medio leite cru baixo indicación xeográfica protexida (€/l) (4/D) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo leite cru baixo indicación xeográfica protexida (€ con dous decimais)	Valor medio mensual do grao leite cru baixo indicación xeográfica protexida (% con dous decimais)

<sup>14</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>15</sup> Importe aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

<sup>16</sup> O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

<sup>17</sup> Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectograo: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

<sup>18</sup> Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína, de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectograos, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

Identificador contrato 1 <sup>19</sup>			
Volume total entregado de leite cru (A) (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (B) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación de orixe protexida (C) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (D) (litros)

Identificador contrato 2 <sup>20</sup>			
Volume total entregado de leite cru (A) (litros)	Volume entregado de leite cru ecolóxico (B) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo denominación de orixe protexida (C) (litros)	Volume entregado de leite cru baixo indicación xeográfica protexida (D) (litros)

<sup>19</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

<sup>20</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.»



Seis. O anexo V queda modificado como segue:

**«ANEXO V**

**Folla resumo de vendas directas**

**DECLARACIÓN ANUAL OBRIGATORIA DE LEITE COMERCIALIZADO POLOS PRODUTORES**

ANO:

ESPECIE: VACA  OVELLA  CABRA

IDENTIFICACIÓN DO PRODUTOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>21</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA
TELÉFONO	FAX		CORREO ELECTRÓNICO					

**LITROS DE LEITE DESTINADOS A VENDA DIRECTA** (Inclúese leite vendido directamente ao consumo e litros de leite transformados en produtos lácteos)

MESES	LITROS LEITE TOTAIS	LITROS LEITE ECOLÓXICO	LITROS LEITE denominación orixe protexida	LITROS LEITE indicación xeográfica protexida
XANEIRO				
FEBREIRO				
MARZO				
ABRIL				
MAIO				
XUÑO				
XULLO				
AGOSTO				
SETEMBRO				
OUTUBRO				
NOVEMBRO				
DECEMBRO				»

<sup>21</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de produción de leite

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que terán que efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.*

O Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que terán que efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca, queda modificado como segue:

Un. O artigo 3 queda modificado como segue:

a) O número 1 queda redactado como segue.

«1. Os fabricantes de leite líquido envasado de vaca deberán presentar, nos primeiros vinte días do mes, a través da aplicación informática Infolac, unha declaración mensual por cliente, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto, sobre o leite envasado comercializado no mes inmediatamente anterior.»

b) O número 4 queda sen contido.

Dous. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«Esta información, que terá en todo momento carácter confidencial, non poderá ser utilizada pola AICA ou transmitida para ningún uso distinto do seu ámbito de actividade, sen prexuízo da disposición dos datos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para efectos da súa agregación para control do mercado e con suxeición á obriga de confidencialidade establecida no artigo anterior, do seu persoal e funcionarios, e, se for o caso, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

**Disposición adicional única.** *Indicación da orixe do leite.*

Prorrógase a eficacia da indicación obrigatoria da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos elaborados en España que se comercializan no territorio español instaurada polo Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, até o 22 de xaneiro de 2023.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Queda derogada a disposición transitoria única do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo:

- a) O número tres do artigo primeiro, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021.
- b) O número dous do artigo primeiro, que entrará en vigor o 1 de febreiro de 2021.

- c) O número seis do artigo primeiro, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.
- d) Os números catro e cinco do artigo primeiro, que entrarán en vigor o 1 de febreiro de 2022.

Dado en Madrid o 19 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES